

Os días mencionados serán descontados no cómputo dos prazos establecidos para cada caso, e deberanse levar a efecto os actos e as dilixencias que neles non puideron ter lugar nos oito días hábiles seguintes ó da publicación deste real decreto lei, sen prexuízo da validez das actuacións e das dilixencias practicadas en día inhábil, se se realizasen con tódolos requisitos legais necesarios.

Disposición adicional cuarta. *Danos en infraestructuras públicas de titularidade de comunidades de regantes.*

Para os efectos previstos no artigo 3, decláranse de emerxencia as obras que execute o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para repara-los danos causados en infraestructuras públicas de titularidade das comunidades de regantes, comprendidas no seu ámbito de competencia

A reparación destes danos financiarase con cargo ó orzamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ata un importe máximo de seis millóns de euros.

Disposición adicional quinta. *Anticipos de axudas vinculadas a determinados préstamos para a mellora e modernización de estruturas agrarias.*

Nos termos municipais afectados polas inundacións, con carácter preferente, poderase efectua-lo pagamento anticipado do importe total das axudas de minoración de anualidades de amortización do principal dos préstamos acollidos ó Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, daqueles expedientes dos que se dispoña da correspondente certificación final de cumprimento de compromisos e realización de investimentos.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, dictarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 16 de maio de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

10185 LEI 10/2003, do 20 de maio, de medidas urxentes de liberalización no sector inmobiliario e de transportes. («BOE» 121, do 21-5-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A evolución positiva da economía española, na que tiveron especial incidencia as medidas liberalizadoras acordadas polo Goberno, fai necesario seguir avanzando no proceso de liberalización para mante-lo ritmo de crecemento económico. Por outra parte, a interdependencia das economías, ó introducir certos elementos de comportamento imprevisible que poden repercutir desfavorablemente na evolución positiva producida ata o de agora na economía española, obriga tamén a adoptar certas medidas que eviten efectos indesexables.

Por isto, esta lei, no marco dun conxunto de medidas de natureza estrutural que con carácter de urxencia adopta o Goberno, co fin de evita-la aparición de desequilibrios macroeconómicos que ameacen a estabilidade e o proceso expansivo da nosa economía, céntranse, sen perderen a súa condición de medidas integrantes da política unitaria do Goberno, nos sectores da competencia do Ministerio de Fomento. O seu obxectivo fundamental é incidir de forma inmediata no comportamento dos distintos axentes económicos para estimula-la competencia, conseguir unha mellor asignación dos recursos e, en definitiva, influír positivamente sobre o nivel de prezos.

As medidas, polo tanto, que se conteñen nesta lei proxéctanse sobre unha serie de sectores básicos da esfera de actuación do Ministerio de Fomento, como son o sector inmobiliario e o dos transportes, incluíndo a subministración de hidrocarburos ós buques nos portos para favorece-la competencia entre as empresas subministradoras.

Polo que respecta ó sector inmobiliario, as medidas que se adoptan pretenden corrixi-las rixideces advertidas no mercado como consecuencia do forte crecemento da demanda e a incidencia nos produtos inmobiliarios do prezo do solo, condicionada, pola súa vez, pola escaseza de solo urbanizable ou urbanizado, segundo os casos. En consecuencia, a reforma que se acomete deberá incrementa-la oferta do solo ó introducir flexibilidade naquelas previsións normativas en vigor que a puidesen limitar, trasladando este efecto positivo ó prezo final dos bens inmobiliarios.

Nesta dirección oriéntanse a maior obxectivización da clasificación do solo non urbanizable e a pretensión de incrementa-la oferta de solo urbanizable. Coa mesma finalidade poténciase tamén o desenvolvemento dos solos urbanizables, os cales se dotan dunha maior flexibilidade ampliando as posibilidades de actuación recoñecidas ata o de agora, sen que isto supoña ningunha mingua da capacidade de actuación e decisión últimas das administracións públicas competentes na materia. Así mesmo, para evitar posibles bloqueos das iniciativas urbanizadoras como consecuencia da inactividade da Administración, establécese a aplicación do silencio positivo.

Finalmente, e co fin de aclara-los métodos aplicables nas valoracións dos solos urbanos e urbanizables, evitando interpretacións contrarias ós criterios xerais da lei, modifícanse os artigos correspondentes, explicitando a aplicación en cada caso dun ou doutro método, descartando de forma expresa os elementos especulativos e expectativas das que non estea asegurada a presenza futura e ratificando a dedución da totalidade dos gastos de transformación do solo que prevé a propia lei.

Por outra parte, e no que atinxe tamén ó referido sector, a lei pretende clarifica-la situación actual do exercicio da actividade de intermediación inmobiliaria que se encontra afectada pola falta dunha xurisprudencia unánime que recoñeza que esta actividade non está reservada a ningún colectivo singular de profesionais.

En relación co sector dos transportes, as medidas que se conteñen na lei están chamadas a actuar sobre

o réxime concesional dos servizos regulares de viaxeiros por estrada, reducindo os prazos das concesións, co fin de que a evolución da economía en xeral e do sector no seu conxunto repercutan con carácter inmediato na prestación do servizo. Esta redución de prazos permitirá unha maior secuencia na adxudicación das concesións, co conseguinte incremento da competencia.

Por outra parte, e na mesma liña de fomento da competencia, suprimese, no ámbito portuario, calquera obstáculo de carácter formal que poida supor unha restrición na subministración de produtos petrolíferos ós buques, coa positiva repercusión nos prezos que disto derivará.

O conxunto destas medidas ten o seu apoio constitucional no artigo 149.1.13.^a, que lle outorga ó Estado competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; no artigo 149.1.1.^a, que prevé a competencia estatal para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, en relación co artigo 33 da Constitución; no artigo 149.1.18.^a, sobre procedemento administrativo común, e na competencia estatal sobre os portos de interese xeral e sobre os transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma, a que se refire o artigo 149.1.20.^a e 21.^a

Artigo 1. *Modificación da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións.*

Un. O punto 2 do artigo 9 queda redactado da seguinte forma:

«Que o planeamento xeral considere necesario preservar polos valores a que se fixo referencia no parágrafo anterior, polo seu valor agrícola, forestal, gandeiro ou polas súas riquezas naturais, así como aqueloutros que considere inadecuados para o desenvolvemento urbano, ben por imperativo do principio de utilización racional dos recursos naturais, ben de acordo con criterios obxectivos de carácter territorial ou urbanístico establecidos pola normativa urbanística.»

Dous. Engádeselle un novo número 2 ó artigo 15, quedando o actual parágrafo único como número 1, de maneira que o citado artigo queda redactado como segue:

«1. Os propietarios do solo clasificado como urbanizable terán dereito a usar, gozar e dispor dos terreos da súa propiedade conforme a súa natureza rústica. Ademais, terán dereito a promover a súa transformación instando da Administración a aprobación do correspondente planeamento de desenvolvemento, de conformidade co que estableza a lexislación urbanística.

2. A transformación do solo urbanizable poderá ser tamén promovida polas administracións públicas, sexan ou non competentes para a aprobación do correspondente planeamento de desenvolvemento.

As administracións públicas a que se refire o parágrafo anterior poderán promover a transformación de solo urbanizable ben por razón da súa titularidade dominical de solo no ámbito de que se trate, ben por razóns de competencia sectorial.»

Tres. O artigo 16 queda redactado da seguinte forma:

«1. O dereito a promover a transformación do solo urbanizable, mediante a presentación do planeamento que corresponda ou, de se-lo caso, da previa proposta de delimitación do correspondente

ámbito para a súa tramitación e aprobación, exercerase de conformidade co establecido pola lexislación urbanística.

2. Para tales efectos, as comunidades autónomas, a través da súa lexislación urbanística, regularán a tramitación, as determinacións e o contido da documentación necesaria para proceder a esa transformación. Así mesmo, esta lexislación regulará os efectos derivados do dereito de consulta ás administracións competentes sobre os criterios e previsións da ordenación urbanística, dos plans e proxectos sectoriais, e das obras que deberán realizar á súa custa para asegura-la conexión cos sistemas xerais exteriores á actuación de conformidade co disposto no número 3 do artigo 18 desta lei. Esta lexislación fixará, igualmente, os prazos de contestación á referida consulta.

3. En todo caso, os instrumentos de planeamento urbanístico de desenvolvemento que sexan elaborados polas administracións públicas ás que non compete a súa aprobación, ou polos particulares, quedarán aprobados definitivamente polo transcurso do prazo de seis meses, ou do que, de se-lo caso, estableza como máximo a lexislación autonómica para a súa aprobación definitiva, contados desde a súa presentación ante o órgano competente para a súa aprobación definitiva, sempre que efectuase o trámite de información pública, solicitase os informes que sexan preceptivos, de conformidade coa lexislación aplicable, e transcorrese o prazo para os emitir.

Todo o anterior entenderase sen prexuízo do establecido pola lexislación urbanística das comunidades autónomas en canto a asignación de competencias, subrogación no seu exercicio e prazos e cómputo do silencio administrativo.»

Catro. O artigo 27 queda redactado da seguinte forma:

«1. O valor do solo urbanizable incluído en ámbitos delimitados para os que o planeamento establece as condicións para o seu desenvolvemento obterase por aplicación ó aproveitamento que lle corresponda do valor básico de repercusión en polígono, que será o deducido das ponencias de valores catastrais. No suposto de que a ponencia estableza para este solo valores unitarios, o valor do solo obterase por aplicación destes á superficie correspondente. Destes valores deduciranse os gastos que establece o artigo 30 desta lei, salvo que xa se deducisen na súa totalidade na determinación dos valores das ponencias.

Nos supostos de inexistencia, perda de vixencia dos valores das ponencias catastrais ou inaplicabilidade destes por modificación das condicións urbanísticas tomadas en conta ó tempo da súa fixación, o valor do solo determinarase de conformidade co método residual dinámico definido na normativa hipotecaria, considerando en todo caso os gastos que establece o artigo 30 desta lei.

En calquera caso, descartaranse os elementos especulativos do cálculo e aquelas expectativas que non teñan asegurada a súa presenza.

2. O valor do solo urbanizable, non incluído polo planeamento nos ámbitos ós que se refire o punto anterior e ata que non se aprobe o planeamento de desenvolvemento que estableza a lexislación urbanística, determinarase na forma establecida para o solo non urbanizable, sen ningunha consideración da súa posible utilización urbanística.»

Cinco. Modifícase o número 4 do artigo 28 e engádesse un novo número 5 coa seguinte redacción:

«4. Nos supostos de inexistencia, perda de vixencia dos valores das ponencias catastrais ou inaplicabilidade destes por modificación das condicións urbanísticas tomadas en conta ó tempo da súa fixación, aplicaranse os valores de repercusión obtidos polo método residual.

5. En calquera destes supostos, do valor obtido por aplicación de valores de repercusión deduciranse os gastos que establece o artigo 30 desta lei, salvo que xa se deducisen na súa totalidade na determinación dos valores das ponencias.»

Seis. Modifícanse as disposicións transitorias primeira a terceira e quinta coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria primeira. *Normas de aplicación inmediata.*

1.^a Sobre o réxime urbanístico do solo. As disposicións desta lei contidas no artigo 1, número dous, e tres, número 1, serán de aplicación desde a súa entrada en vigor á execución dos plans e das normas vixentes nese momento, sen prexuízo das especialidades sobre xestión e uso do solo da lexislación urbanística.

2.^a Sobre as normas de procedemento. As normas de procedemento contidas no artigo 1, punto tres, número 3, desta lei serán de aplicación ós instrumentos de planeamento nel referidos que se presenten ante o órgano administrativo competente a partir da súa entrada en vigor.

Disposición transitoria segunda. *Planeamento xeral vixente.*

A adaptación do planeamento xeral vixente no momento da entrada en vigor desta lei ás súas determinacións efectuarase de conformidade co réxime transitorio establecido na lexislación urbanística autonómica.

En ausencia deste, o planeamento xeral vixente adaptará a súa clasificación de solo ó disposto nesta lei cando se proceda á súa revisión, ou á tramitación de modificacións que afecten a clasificación do solo non urbanizable.

Disposición transitoria terceira. *Planeamento xeral en tramitación.*

A adaptación do planeamento xeral en tramitación no momento da entrada en vigor desta lei ás súas determinacións efectuarase de conformidade co réxime transitorio establecido na lexislación urbanística autonómica.

En ausencia deste, o planeamento xeral en tramitación, con independencia da fase en que se encontre, adaptará a esta a súa clasificación de solo.

Disposición transitoria quinta. *Valoracións.*

Nos expedientes expropiatorios, serán aplicables as disposicións sobre valoración contidas nesta lei, sempre que non se alcanzase a fixación definitiva do prezo xusto en vía administrativa.»

Artigo 2. *Modificación da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.*

O número 3 do artigo 72 queda redactado da maneira seguinte:

«3. A duración das concesións establecerase no título concesional, de acordo coas características e necesidades do servizo e atendendo ós pra-

zos de amortización de vehículos e instalacións. Esta duración non poderá ser inferior a seis anos nin superior a 15. Cando finalice o prazo concesional sen que concluíse o procedemento tendente a determina-la subseguinte prestación do servizo, o concesionario prolongará a súa xestión ata a finalización deste procedemento, sen que en ningún caso estea obrigado a continua-la citada xestión durante un prazo superior a 12 meses.»

Artigo 3. *Condicións para o exercicio da actividade de intermediación inmobiliaria.*

As actividades enumeradas no artigo 1 do Decreto 3248/1969, do 4 de decembro, polo que se aproba o Regulamento dos colexios oficiais de axentes da propiedade inmobiliaria e da súa xunta central, poderán ser exercidas:

a) Polos axentes da propiedade inmobiliaria conforme os requisitos de cualificación profesional contidos na súa propia normativa específica.

b) Por persoas físicas ou xurídicas sen necesidade de estaren en posesión de ningún título, nin de pertenza a ningún colexio oficial, sen prexuízo dos requisitos que, por razóns de protección ós consumidores, estableza a normativa reguladora desta actividade.

Artigo 4. *Modificación da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.*

Engádesse unha disposición adicional vixésimo primeira co seguinte contido:

«As autoridades portuarias, de conformidade co disposto nesta lei, adxudicarán un número mínimo de instalacións de avituallamento de combustibles dentro do dominio público portuario, nos termos e de acordo cos criterios que regulamentariamente se determinen; estes criterios terán en conta, entre outras circunstancias, a intensidade do tráfico, o volume de operacións comerciais, a superficie ocupada por cada porto, a súa situación estratéxica, a distancia a outros portos, as condicións de seguridade, a incidencia das operacións de avituallamento de combustibles no tráfico de buques e, en xeral, as que poidan afecta-la seguridade na subministración e ó bo desenvolvemento do tráfico e das operacións portuarias.

En todo caso, as instalacións de avituallamento de combustibles deberán cumprir os requisitos técnicos esixibles, así como as condicións de seguridade para as persoas e as cousas, debendo o titular da concesión obter as licencias, os permisos e as autorizacións conforme a lexislación vixente.»

No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, o Goberno desenvolverá regulamentariamente o establecido nesta disposición.

Disposición transitoria única.

As concesións de liñas regulares de transporte de viaxeiros por estrada que, á entrada en vigor desta lei, non esgotasen o seu prazo de vixencia subsistirán ata a finalización do prazo inicialmente concedido e o das prórrogas que fosen legalmente outorgadas.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ó disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Habilítase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o disposto nesta lei.

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

O artigo 1 dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a, 13.^a e 18.^a da Constitución.

O artigo 2 dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 21.^a da Constitución.

O artigo 3 dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 18.^a da Constitución.

O artigo 4 dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.^a e 20.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Polo tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 20 de maio de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

10286 *LEI ORGÁNICA 3/2003, do 21 de maio, complementaria da Lei reguladora dos equipos conxuntos de investigación penal no ámbito da Unión Europea, pola que se establece o réxime de responsabilidade penal dos membros destinados nos ditos equipos cando actúen en España.* («BOE» 122, do 22-5-2003.)

JUAN CARLOS R.

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ó aborda-la regulación legal dos equipos conxuntos de investigación, detectouse a necesidade, que ten a súa orixe na Decisión Marco sobre os ditos equipos, de establecer-lo réxime de responsabilidade penal dos membros destinados naqueles cando desenvolvan a súa actividade no noso país.

O dito réxime abrangue tanto as infraccións penais que se poidan cometer contra os membros destinados nos equipos conxuntos de investigación, coma os delitos que eles puidesen cometer.

En ámbolos casos trátase de regular materias que, de acordo co noso texto constitucional, constitúen lexislación penal e deberán abordarse nunha norma con rango de lei orgánica.

Artigo único. *Responsabilidade penal dos membros destinados en equipos conxuntos de investigación que actúen en territorio español.*

1. No exercicio das actividades propias da investigación desenvolvidas polo equipo, os membros destinados estarán suxeitos ó mesmo réxime de respon-

sabilidade penal que as autoridades e os seus axentes e os funcionarios públicos españois.

2. Igualmente, seranlles aplicables, nos mesmos termos, as disposicións recollidas para o efecto na lexislación penal respecto das infraccións penais cometidas contra as autoridades e os seus axentes e os funcionarios públicos españois.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 21 de maio de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

10287 *LEI ORGÁNICA 4/2003, do 21 de maio, complementaria da Lei de prevención e bloqueo do financiamento do terrorismo, pola que se modifican a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, e a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.* («BOE» 122, do 22-5-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como garantía dos dereitos dos suxeitos previstos na Lei 12/2003, de prevención e bloqueo do financiamento do terrorismo, o seu artigo 3 prevé, no seu punto 3, a posible interposición do recurso contencioso-administrativo contra as medidas adoptadas pola Comisión de Vixilancia de Actividades de Financiamento do Terrorismo. Dada a natureza das ditas medidas, resulta preciso establecer que o coñecemento dos recursos contencioso-administrativos que se deduzan en relación con elas lle corresponda á Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional, polo que se fai preciso dar unha nova redacción ó artigo 66 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, introducindo unha regra competencial que amplíe os supostos dos que se lle atribúe o coñecemento á dita Audiencia Nacional.

Paralelamente, inclúese esta nova regra competencial no artigo 11.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, lei ordinaria que desenvolve as previsións contidas na Lei orgánica do Poder Xudicial nesta materia.

Artigo primeiro. *Modificación da Lei orgánica do Poder Xudicial.*

Modifícase o artigo 66 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, que queda redactado da seguinte maneira:

«A Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional coñecerá:

a) En única instancia, dos recursos contencioso-administrativos contra disposicións e actos dos